

Disposición adicional décimo cuarta. *Servicios prestados polo persoal de asistencia pública domiciliaria.*

Os servicios prestados á Seguridade Social, no ámbito da atención primaria, polo persoal de asistencia pública domiciliaria, equivalerán para efectos dos baremos previstos nesta lei, tanto na fase de selección coma na de provisión, ós prestados nas categorías que lles correspondan.

Disposición adicional décimo quinta. *Prazo de presentación de solicitudes.*

Para os efectos establecidos nesta lei, no ámbito do Instituto Nacional da Saúde, o prazo de presentación de solicitudes para a participación na fase de selección das convocatorias do proceso extraordinario de consolidación de emprego será de quince días hábiles.

Disposición transitoria primeira. *Persoal facultativo que se encontra en trámite de obte-lo título de médico especialista.*

O persoal facultativo que na data de entrada en vigor desta lei se encontre tramitando a obtención do título de médico especialista, conforme o procedemento excepcional regulado por Real decreto 1497/1999, do 24 de setembro, e logo de acreditación diso, poderá participar no proceso de consolidación de emprego da respectiva especialidade establecido no capítulo II desta lei. No caso de que os aspirantes superasen este último, o acceso á situación de expectativa de destino e, se é o caso, a obtención dunha praza mediante a súa participación na fase de provisión regulada no capítulo III desta lei, unicamente producirán efectos se previamente se resolveu o procedemento e, se é o caso, se obtivo o título de médico especialista establecido no Real decreto 1497/1999.

Disposición transitoria segunda. *Persoal que se encontra en trámite de obte-lo título de especialista en radiofísica hospitalaria.*

O persoal que na data de entrada en vigor desta lei se encontre tramitando a obtención do título de especialista en radiofísica hospitalaria, conforme o establecido no Real decreto 220/1997, do 14 de febreiro, e na Orde do 12 de xuño de 1998, pola que se regulan as vías transitorias de acceso ó título, e logo de acreditación diso, poderá participar no proceso de consolidación de emprego da respectiva especialidade establecido no capítulo II desta lei. No caso de que os aspirantes superasen este último, o acceso á situación de expectativa de destino e, se é o caso, a obtención dunha praza mediante a súa participación na fase de provisión regulada no capítulo III desta lei, unicamente producirán efectos se previamente se resolveu o procedemento e, se é o caso, se obtivo o título de médico especialista establecido no Real decreto 220/1997.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario da lei.*

O Estado e as comunidades autónomas poderán aprobar, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións regulamentarias sexan precisas para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación da Lei 30/1999, do 5 de outubro, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos servicios de saúde.*

1. Para o desenvolvemento e execución do previsto nesta lei, será de aplicación a Lei 30/1999, do 5 de

outubro, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos servicios de saúde, coas seguintes excepcións: artigos 5 —a excepción do seu punto 8, que continuará vixente—, 6, 8, 10 e 11. Así mesmo, con rango regulamentario, será tamén de aplicación o Real decreto lei 1/1999, do 8 de xaneiro, con excepción dos artigos 12, 13, 14, 15, 16, 17, 29, 30, 31, 32, 33 e 34.

2. Esta lei ten carácter temporal e, en consecuencia, a súa vixencia finalizará unha vez culminado o procedemento excepcional regulado nela.

Disposición derradeira terceira. *Ausencia de custo adicional.*

A aplicación e o desenvolvemento desta lei non suporá, en ningún caso, incremento de custos.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de novembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DO INTERIOR

21874 REAL DECRETO 1123/2001, do 19 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Regulamento de seguridade privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro. («BOE» 281, do 23-11-2001.)

A aplicación do vixente réxime xurídico da seguridade privada, durante os anos transcorridos desde a promulgación da Lei 23/1992, do 30 de xullo, reguladora da materia, e o proceso de diálogo, exame crítico e diagnóstico da situación do propio réxime xurídico, desenvolvido recentemente entre a Administración e os distintos sectores implicados na devandita aplicación, no seo da Comisión Mixta Central de Coordinación da Seguridade Privada, sen poñer en entredito as liñas mestras do sistema, puxeron de manifesto múltiples aspectos concretos ou de detalle, pero de indubidable transcendencia para o funcionamento global daquel, que puideron producir efectos indesexables, distorsións ou excesos innecesarios e improcedentes, relacionados principalmente co exercicio das funcións de control que debe levar a cabo a Administración; aspectos que loxicamente deben ser corrixidos.

Trátase, sobre todo, de excesos en canto ó contido dos libros rexistro que deben leva-las empresas de seguridade, pola exhaustiva información que se obriga a incorporar a estes, facendo pesada, difícil e en boa medida inútil a súa levanza; de rixidez no réxime de control dos contratos de servizo, o réxime dos cales non ten debidamente en conta as esixencias funcionais que a realidade impón ó sector; de delimitación inadecuada dalgunhas funcións e das incompatibilidades do persoal, que impiden a realización de servicios, considerados imprescindibles, de verificación e resposta ás alarmas;

ou de complicacións e demoras inxustificadas na tramitación dos procedementos de inspección e autorización de aperturas e traslados de oficinas, o que resulta incompatible coas necesidades e o dinamismo propio do sector bancario; ademais da necesidade advertida, de perfeccionar, para garanti-la súa eficacia, o réxime de instalación de medidas de seguridade obrigatorias ou que se haxan de conectar a centrais receptoras de alarmas.

Algunhas actualizacións e melloras do réxime xurídico da seguridade privada, razoablemente solicitadas polos sectores económicos e sociais implicados, requiren intervencións profundas e dilatadas, xa que fan necesaria a modificación da Lei 23/1992, polo que unicamente poderán ser realizadas no momento oportuno, logo dos estudos necesarios, coa planificación e o desenvolvemento do proceso lexislativo pertinente; pero a maior parte das cuestións estudadas no mencionado proceso de diálogo atópanse reflectidas no Regulamento de seguridade privada e en disposicións xerais de menor rango normativo, dictadas en desenvolvemento deste, polo cal nada impide —e, pola contra, todo aconsella— que se leven a cabo todas aquelas correccións e melloras posibles mediante normas con rango de real decreto e de orde ministerial.

Iso é así, porque se trata de mellorar e de perfeccionar-lo status do persoal da seguridade privada e das empresas de seguridade, con medidas de flexibilización xurídica, perfeccionamento administrativo e diminución de custos, promovendo a eficacia da seguridade privada, que ten gran transcendencia en beneficio da seguridade pública, e facilitando o funcionamento do sector, que inflúe indirectamente no progreso da economía xeral do país.

Por último, debe sinalarse que a presente disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentos técnicos, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas, modificada pola Directiva 98/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo, trasposta ó noso ordenamento polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de outubro de 2001,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Modificación parcial do Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro.*

Os preceptos contidos nos artigos 7.1; 14.1, parágrafo segundo; 17.2; 19; 20; 21; 31.2; 34; 35; 39.1; 42.2; 48.2; 49.1 e 2; 50.1; 51.1; 54.2.a); 56.2; 57; 58; 59; 64.2; 70.1; 79.1.c), f) e g); 80.1; 83.1; 84.1; 97; 100; 104.4; 106; 107; 108; 110; 115; 121.b); 122.3; e 4. 1.º b) e 3.º; 135.1; 136; 139.1; 141; 144.1 e 3; 148.5 e 7.c), d) e e); 149.4.b) e 5; 150.12 e 18; 153.13; 159, e a disposición adicional única, do Regulamento de seguridade privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, quedan redactados na forma que para cada un deles se expresa a continuación. Así mesmo, incorpóranse unha disposición adicional segunda e unha disposición derogatoria única ó citado Regulamento de seguridade privada.

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 7. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 7. *Constitución de garantía.*

1. As empresas de seguridade deberán constituir unha garantía na Caixa Xeral de Depósitos, á disposición das autoridades con competencias sancionadoras na materia, co fin de aseguraren o cumprimento das obrigas contraídas con ocasión do seu funcionamento.

2. A garantía constituirase nalgunha das modalidades previstas na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos, cos requisitos establecidos nesta.

3. A garantía deberá manterse pola contía máxima do seu importe durante todo o período de vixencia da autorización e as cantidades que con esa finalidade, se é o caso, se detraesen para os efectos previstos no punto 1 deste artigo terán que se repoñer no prazo dun mes contado desde a data en que executasen os correspondentes actos de disposición.»

Dous. Engádese un parágrafo segundo ó punto 1 do artigo 14. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 14. *Obrigas xerais.*

1. No desenvolvemento das súas actividades, as empresas de seguridade están obrigadas ó especial auxilio e colaboración coas forzas e corpos de seguridade. Para estes efectos, deberán comunicar ás devanditas forzas e corpos calquera circunstancia e información relevante para a prevención, o mantemento ou o restablecemento da seguridade cidadá, así como os feitos delictuosos de que tiveren coñecemento no desenvolvemento das devanditas actividades.

As empresas de seguridade deberán comunicalas altas e baixas do persoal de seguridade privada de que dispoñan ás dependencias correspondentes das forzas e corpos de seguridade, dentro do prazo de cinco días seguintes á data en que se produzan.

2. Deberá realizarse sempre coas debidas garantías de seguridade e reserva a prestación dos servicios de protección de persoas, depósito, custodia e tratamento de obxectos valiosos, e especialmente os relativos a transporte e distribución de obxectos valiosos e de explosivos ou outros obxectos perigosos, no que respecta á súa programación, así como ó seu itinerario.

3. Os servicios e actividades de seguridade deberán ser realizados directamente polo persoal da empresa contratada para a súa prestación, non podendo esta subcontratalos con terceiros, agás que o faga con empresas inscritas nos correspondentes rexistros e autorizadas para a prestación dos servicios ou actividades obxecto de subcontratación, e se cumpran os mesmos requisitos e procedementos previstos neste regulamento para a contratación. A subcontratación non producirá exoneración de responsabilidade da empresa contratante.

4. Non será esixible o requisito de identidade de dedicación, no suposto de subcontratación con empresas de vixilancia e protección de bens, previsto no artigo 49.4.»

Tres. Modifícase o punto 2 do artigo 17, dándolle unha nova redacción ó parágrafo primeiro e incorporando un segundo parágrafo á letra a). O devandito artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 17. *Apertura de sucursais.*

1. As empresas de seguridade que pretendan abrir delegacións ou sucursais solicitarano da Direc-

ción Xeral da Policía, xuntando os seguintes documentos:

- a) Inventario dos bens materiais que se destinan ó exercicio das actividades na delegación ou sucursal.
- b) Documento acreditativo do título en virtude do cal se dispón do inmovible ou inmovibles destinados á delegación ou sucursal.
- c) Relación do persoal da delegación ou sucursal, con expresión do seu cargo, categoría e número do documento nacional de identidade.

2. As empresas de seguridade deberán abrir delegacións ou sucursais, dando coñecemento á Dirección Xeral da Policía, con achega dos documentos sinalados no punto anterior, nas cidades de Ceuta ou Melilla ou nas provincias en que non radique a súa sede principal, cando realicen nas devanditas cidades ou provincias algunha das seguintes actividades:

a) Depósito, custodia, reconto e clasificación de moedas e billetes, títulos-valores, así como custodia de obxectos valiosos, explosivos ou obxectos perigosos. Estas delegacións deberán contar cos requisitos de dotación de vixilantes de seguridade, armeiro ou caixa forte, e cámara acoirazada e locais anexos, a que se refiren os puntos 3.1.b) e 3.1.c) do anexo para obxectos valiosos e perigosos, e cos de dotación de vixilantes de seguridade e armeiro ou caixa forte, a que se refiren os puntos 3.2.b) e 3.2.c) do anexo, respecto a explosivos.

Con todo, cando a cantidade que vaian custodiar devanditas delegacións ou sucursais non supere os cen millóns de pesetas, sempre que polo menos o cincuenta por cento sexa en moeda fraccionaria, a cámara acoirazada poderá ser substituída por unha caixa forte coas características determinadas polo Ministerio do Interior.

b) Vixilancia e protección de bens e establecementos, cando o número de vixilantes de seguridade que presten servizo na provincia sexa superior a trinta e a duración do servizo, conforme o contrato ou as prórrogas deste, sexa igual ou superior a un ano.»

Catro. O artigo 19 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 19. *Libros rexistro.*

1. As empresas de seguridade levarán obrigatoriamente os seguintes libros rexistro:

- a) As empresas que estean obrigadas a ter sistema de seguridade instalado, libro-catálogo de medidas de seguridade.
- b) Libro rexistro de comunicacións ás forzas e corpos de seguridade, no que se anotarán cantas realicen sobre aspectos relacionados coa seguridade cidadá, data de cada comunicación, órgano ó que se dirixiu e indicación do seu contido.

2. O formato dos indicados libros rexistro axustarase ás normas que respectivamente aprobe o Ministerio do Interior, de forma que sexa posible o seu tratamento e arquivo mecanizado e informatizado.

3. Tanto os libros rexistro de carácter xeral coma os específicos que se determinan neste regulamento para cada actividade levaranse na sede principal da empresa e nas súas delegacións ou sucursais, debendo estar sempre á disposición dos membros do Corpo Nacional de Policía e da policía autónoma correspondente, encargados do seu control.

4. En ausencia do director, administrador ou xefe de seguridade, os libros rexistro indicados facilitarao o persoal presente na empresa, que terá que estar designado para o efecto, durante as inspeccións que realicen os membros dos citados corpos ou policías.»

Cinco. O artigo 20 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 20. *Contratos de servizo.*

1. As empresas de seguridade comunicarán cunha antelación mínima de tres días, de forma individualizada para cada servizo, a súa iniciación, con indicación do lugar de prestación, a clase de actividade, a persoa física ou xurídica contratante e o seu domicilio, así como a duración prevista da vixencia do contrato.

A referida comunicación dos contratos efectuarase por calquera medio que permita deixar constancia diso, na comisaría provincial ou local de policía do lugar onde se celebre o contrato, ou, nos lugares en que estas non existan, nos cuarteis ou postos da Garda Civil, que a transmitirán ou remitirán con carácter urxente á comisaría correspondente ó lugar en que haxa de prestarse o servizo, podendo efectuarse en calquera caso, nos respectivos servizos ou inspeccións de garda.

As modificacións dos contratos comunicaranse, na mesma forma e prazos indicados, ante as dependencias policiais mencionadas.

O formato dos contratos e das comunicacións axustarase ás normas e modelos que estableza o Ministerio do Interior, sen prexuízo da posibilidade de adición nos contratos, de pactos complementarios para aspectos non regulados neste regulamento.

En calquera caso, os contratos permanecerán nas sedes das empresas de seguridade á disposición dos órganos das forzas e corpos de seguridade competentes en materia de inspección e control, durante un prazo de cinco anos desde a finalización do servizo obxecto do contrato.

2. Naqueles supostos en que os contratos se concerten con administracións públicas ou se atopen en tramitación ante órganos destas, non sendo posible que estean formalizados antes do inicio do servizo, as empresas de seguridade deberán achegar, se é o caso, coa antelación indicada no punto anterior, copia autorizada ou declaración da empresa da oferta formulada, para coñecemento das circunstancias a que se refiren as cláusulas polos órganos encargados da inspección e control, sen prexuízo de comunicar no formato establecido os datos do contrato unha vez formalizado este, o cal deberá quedar na sede da empresa á disposición dos órganos competentes das forzas e corpos de seguridade.

3. Cando circunstancias excepcionais de roubo, incendio, danos, catástrofes, conflitos sociais, avarías dos sistemas de seguridade ou outras causas de análoga gravidade ou de extraordinaria urxencia, fixesen necesaria a prestación inmediata dun servizo que fose obxectivamente imposible organizar previamente, comunicaranse polo procedemento máis rápido dispoñible, antes de comezala prestación dos servizos, os datos enumerados no parágrafo primeiro do punto 1 deste artigo á dependencia policial correspondente, indicando as causas determinantes da urxencia, e quedando obrigada a empresa a formalizalo contrato dentro das setenta e dúas horas seguintes á iniciación do servizo, debendo permanece-lo contrato na sede

da empresa á disposición dos órganos competentes das forzas e corpos de seguridade.

Os servizos de seguridade a que se refire o parágrafo anterior poderán ser prestados con armas, dando conta á dependencia policial competente, cando os supostos descritos se produzan en establecementos obrigados a ter medidas de seguridade que resulten anuladas polas circunstancias expostas, ou por outras, con grave risco para a integridade dos bens protexidos e tendo en conta a contía e importancia destes.»

Seis. O artigo 21 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 21. *Contratos con defectos.*

Cando a comunicación, o contrato ou a oferta de servizos das empresas de seguridade non se axusten ás esixencias previstas, a Subdelegación do Goberno —que poderá delegar na correspondente xefatura superior ou comisaría provincial de policía— notificarálle-las deficiencias, con carácter urxente, para os efectos de que poidan ser emendadas nos cinco días hábiles seguintes, con apercibimento de que, de non o facer no prazo indicado, os citados documentos se arquivarán sen máis trámite, non podendo comeza-la prestación do servizo, ou continuála se xa comezase.»

Sete. Dáselle unha nova redacción ó punto 2 do artigo 31. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 31. *Particularidades destes servizos.*

1. Nos contratos en que se concerte a prestación de servizos de depósito e custodia deberá constar a natureza dos obxectos que teñan que ser depositados ou custodiados e, se é o caso, clasificados, así como unha valoración deles.

2. As empresas dedicadas á prestación destes servizos levarán un libro rexistro de depósitos, o formato do cal se axustará ás normas que aprobe o Ministerio do Interior.»

Oito. O artigo 34 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 34. *Folla de ruta.*

1. As operacións de recollida e entrega que realice cada vehículo consignaranse diariamente nunha folla de ruta, que poderá estar informatizada en papel continuo, e arquivaranse por orde numérica en formato de libro ou en calquera outro que respecte a súa secuencia, contendo os datos que determine o Ministerio do Interior.

Os funcionarios policiais encargados da inspección poderán requirir-la exhibición das follas de ruta en calquera momento, durante o desenvolvemento da actividade, debendo conservarse aquelas, ou o soporte magnético ou dixital no que se consignou a información, durante cinco anos, na sede da empresa ou das correspondentes delegacións, ou en locais de empresas especializadas no arquivo de documentación —neste caso con coñecemento do servizo policial correspondente.

2. No caso de transporte e distribución de explosivos, a folla de ruta será substituída pola documentación análoga que, para a circulación das devanditas substancias, se establece no Regulamento de explosivos e normativa complementaria.»

Nove. O artigo 35 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 35. *Libro rexistro.*

As empresas dedicadas ó transporte e distribución de títulos-valores levarán un libro rexistro, o formato do cal se axustará ás normas que aprobe o Ministerio do Interior.»

Dez. Dáselle unha nova redacción ó punto 1 do artigo 39. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 39. *Ámbito material.*

1. Unicamente poderán realiza-las operacións de instalación e mantemento de sistemas de seguridade electrónica contra roubo e intrusión e contra incendios as empresas autorizadas. Non necesitarán estar inscritas como empresas de seguridade cando se dediquen soamente:

a) Á colocación de alarmas ou outros avisadores acústicos ou ópticos contra roubo ou intrusión en vehículos automóbiles non regulados especialmente neste regulamento ou nas disposicións de desenvolvemento deste para os efectos de seguridade privada.

b) Á prevención da seguridade contra incendios.

Non obstante, a prestación a terceiros de servizos de recepción, verificación e transmisión dos sinais de alarma, así como a súa comunicación ás forzas e corpos de seguridade, deberá ser realizada por empresas de seguridade explotadoras de centrais de alarma.

2. Queda prohibida a instalación de marcadores automáticos programados para transmitir alarmas directamente ás dependencias das forzas e corpos de seguridade.»

Once. Dáselle unha nova redacción ó punto 2 do artigo 42. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 42. *Certificado de instalación.*

1. As instalacións de sistemas de seguridade deberán axustarse ó disposto na normativa reguladora das instalacións eléctricas no que lles sexa de aplicación.

2. Nos supostos de instalación de medidas de seguridade obrigatorias, en empresas ou entidades privadas que carezan de departamento de seguridade, ou cando tales empresas ou entidades se vaian conectar a centrais de alarmas:

a) A instalación deberá ser precedida da elaboración e entrega ó usuario dun proxecto de instalación, con niveis de cobertura axeitados ás características arquitectónicas do recinto e do risco a cubrir, de acordo cos criterios técnicos da propia empresa instaladora e, eventualmente, os da dependencia policial competente, todo iso co obxecto de alcanza-lo máximo grao posible de eficacia do sistema, de fiabilidade na verificación das alarmas, de colaboración do usuario, e de evitación de falsas alarmas.

b) Unha vez realizada a instalación, as empresas instaladoras efectuarán as comprobacións necesarias para asegurarse de que se cumpre a súa finalidade preventiva e protectora, e de que é conforme co proxecto contratado e coas disposicións reguladoras da materia, debendo entregar á entidade ou establecemento usuarios un certificado no que conste o resultado positivo das comprobacións efectuadas.

3. Se a instalación de seguridade se conectase a unha central de alarmas, deberá reuni-las caracte-

terísticas que determine o Ministerio do Interior, e o certificado a que se refire o punto anterior deberá ser emitido por ámbalas dúas empresas, conxunta ou separadamente, de forma que se garanta a súa funcionalidade global.»

Doce. Dáselle unha nova redacción ó punto 2 do artigo 48. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 48. *Funcionamento.*

1. A central de alarmas deberá estar atendida permanentemente polos operadores necesarios para a prestación dos servizos, que non poderán, en ningún caso, ser menos de dous, e que se encargarán do funcionamento dos receptores e da transmisión das alarmas que reciban.

2. Cando se produza unha alarma, as centrais deberán proceder de inmediato á súa verificación cos medios técnicos e humanos de que dispoñan, e comunicar seguidamente ó servizo policial correspondente as alarmas reais producidas.»

Trece. Dáselles unha nova redacción ós puntos 1 e 2 do artigo 49. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 49. *Servicio de custodia de chaves.*

1. As empresas explotadoras de centrais de alarmas poderán contratar, complementariamente, cos titulares dos recintos conectados, un servizo de custodia de chaves, de verificación de alarmas mediante desprazamento ós propios recintos, e de resposta a estas, nas condicións que determine o Ministerio do Interior, para o efecto da cal deberán dispoñer do armeiro ou caixa forte esixidos consonte o disposto no artigo 25 deste regulamento.

As empresas industriais, comerciais ou de servizos que estean autorizadas a dispoñer de central de alarmas, dedicada exclusivamente á súa propia seguridade, poderán contratar os mesmos servizos cunha empresa de seguridade autorizada para vixilancia e protección.

2. Os servizos de verificación persoal das alarmas e de resposta a estas realizaranse, en todo caso, por medio de vixilantes de seguridade, e consistirán, respectivamente, na inspección do local ou locais, e no traslado das chaves do inmovible de que proceda cada alarma, todo iso co fin de lles facilitar ós membros das forzas e corpos de seguridade información sobre posible comisión de feitos delictuosos e o seu acceso ó referido inmovible.

Para os efectos antes indicados, a inspección do interior dos inmovibles por parte dos vixilantes de seguridade deberá estar expresamente autorizada polos titulares daqueles, consignándose por escrito no correspondente contrato de prestación de servizos.

3. Cando polo número de servizos de custodia de chaves ou pola distancia entre os inmovibles resulte conveniente para a empresa e para os servizos policiais, aquela poderá dispoñer, logo da autorización destes, que as chaves sexan custodiadas por vixilantes de seguridade sen armas nun automóbil, conectado por radio-telefone coa central de alarmas. Neste suposto, as chaves deberán estar codificadas, e os códigos deberán ser descoñecidos polo vixilante que as porte e variados periodicamente.

4. Para os servizos a que se refiren os dous puntos anteriores, as empresas de seguridade explotadoras de centrais de alarmas poderán contar

con vixilantes de seguridade, sen necesidade de estaren inscritas e autorizadas para a actividade de vixilancia e protección de bens, ou ben subcontratar tal servizo cunha empresa desta especialidade.»

Catorce. Dáselle unha nova redacción ó punto 1 do artigo 50. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 50. *Desconexión por falsas alarmas.*

1. Nos supostos de conexión de aparellos, dispositivos ou sistemas de seguridade cunha central de alarmas, con independencia da responsabilidade e sancións a que houber lugar, cando o sistema orixine dúas ou máis falsas alarmas no prazo dun mes, o delegado do Goberno, que poderá delegar no xefe superior ou comisario provincial de policía, requirirá o titular dos bens protexidos, a través da dependencia policial que corresponda, para que proceda, coa maior brevidade posible, a repara-las deficiencias que dan lugar ás falsas alarmas.

2. Para os efectos deste regulamento, considérase falsa toda alarma que non estea determinada por feitos susceptibles de produci-la intervención policial. Non terá tal consideración a mera repetición dun sinal de alarma causado por unha mesma avaría dentro das vinte e catro horas seguintes ó momento en que esta se producira.

3. En caso de incumprimento do requirimento, ordenaráselle á empresa explotadora da central de alarma que efectúe a inmediata desconexión do sistema coa propia central, polo prazo que se estime conveniente, que poderá ter ata un ano de duración, salvo que se reparasen en prazo máis breve as deficiencias que dean lugar á desconexión, sendo a terceira desconexión de carácter definitivo, e requiríndose para unha nova conexión o cumprimento do previsto no artigo 42 deste regulamento. Durante o tempo de desconexión, o titular da propiedade ou ben protexido deberá silenciar as sirenas interiores e exteriores do sistema de seguridade.

4. Durante o tempo en que permaneza desconectado como consecuencia diso un sistema de seguridade, o seu titular non poderá concertar-lo servizo de centralización de alarmas con ningunha empresa de seguridade.

5. Sen prexuízo da apertura do correspondente expediente, non se procederá a desconectar-lo sistema de seguridade cando o seu titular estivese obrigado, conforme o disposto por este regulamento, a contar coa devandita medida de seguridade.

6. Cando o titular da propiedade ou ben protexido polo sistema de seguridade non teña contratado o servizo de centralización de alarmas e a realizase por si mesmo, aplicarase o disposto no punto 1 deste artigo, correspondéndolle, en todo caso, a obriga de silenciar as sirenas interiores e exteriores que posúa o devandito sistema de seguridade, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese ter incorrido.»

Quince. Dáselle unha nova redacción ó punto 1 do artigo 51. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 51. *Libros rexistro.*

1. As empresas de explotación de centrais de alarma levarán un libro rexistro de alarmas, o modelo do cal se axustará ás normas que aprobe o Minis-

terio do Interior, de forma que sexa posible o seu tratamento e arquivo mecanizado e informatizado.

2. As centrais de alarmas que teñan contratado servizo de custodia de chaves indicarán no libro rexistro de contratos cáles destes inclúen aquel servizo.»

Dezaseis. Dáselle unha nova redacción ó parágrafo a) do punto 2 do artigo 54. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 54. *Requisitos específicos.*

1. Ademais dos requisitos xerais establecidos no artigo anterior, o persoal de seguridade deberá reunir, para a súa habilitación, os determinados neste artigo, en función da súa especialidade.

2. Vixilantes de seguridade e gardas particulares do campo:

a) Non ter cumpridos os cincuenta e cinco anos de idade.

b) Estar en posesión do título de graduado escolar, de graduado en educación secundaria, de formación profesional de primeiro grao, ou outros equivalentes ou superiores.

c) Os requisitos necesarios para poder portar e utilizar armas de fogo, a teor do disposto para o efecto no vixente Regulamento de armas.

3. Escoltas privados: ademais dos requisitos específicos dos vixilantes de seguridade, deberán ter unha estatura mínima de 1,70 metros os homes, e 1,65 metros as mulleres.

4. Xefes de seguridade: estar en posesión de título de bacharelato unificado polivalente, bacharelato, formación profesional de segundo grao, técnico das profesións ou cualificacións que se determinen, ou outros equivalentes ou superiores.

5. Detectives privados:

a) Estar en posesión de título de bacharelato unificado polivalente, bacharelato, formación profesional de segundo grao, técnico das profesións ou cualificacións que se determinen, ou outros equivalentes ou superiores.

b) Estar en posesión de diploma de detective privado, recoñecido para estes efectos na forma que se determine por orde do Ministerio do Interior e obtida despois de cursa-las ensinanzas programadas e de supera-las correspondentes probas.

c) Non ser funcionario de ningunha das administracións públicas en activo, no momento da solicitude, nin durante os dous anos anteriores a esta.»

Dezasete. Dáselle unha nova redacción ó punto 2 do artigo 56. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 56. *Formación previa.*

1. Os vixilantes de seguridade e os gardas particulares do campo nas súas distintas modalidades deberán supera-los módulos profesionais de formación teórico-práctica asociados ó dominio das competencias que a lei lles atribúe.

Os coñecementos, habelencias, destrezas e actitudes que hai que alcanzar nos devanditos módulos, así como a súa duración, serán determinados polo Ministerio do Interior, logo do informe favorable dos ministerios de Educación e Ciencia, e de Traballo e Seguridade Social, así como do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, respecto ós gardas particulares do campo, e do Ministerio de Industria e Enerxía, respecto dos vixilantes de seguridade, especialidade de explosivos e substancias perigosas.

2. Os devanditos módulos formativos impartirán os centros de formación autorizados pola Secretaría de Estado de Seguridade, os cales habrán de dispoñer dun cadro de profesores debidamente acreditados para tódalas materias comprendidas no plan de estudos, e poderán impartir, na modalidade de formación a distancia, as ensinanzas que se determinen, exceptuando en calquera caso as de natureza técnico-profesional, instrumental, de contido técnico-operativo e as prácticas de laboratorio e de tiro, que deberán impartirse necesariamente na modalidade "de presenza" durante o tempo que como mínimo determine o Ministerio do Interior.»

Dezaoito. O artigo 57 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 57. *Formación permanente.*

1. Co obxecto de manter ó día o nivel de aptitude e coñecementos necesarios para o exercicio das funcións atribuídas ó persoal de seguridade privada, as empresas de seguridade, a través dos centros de formación autorizados, garantirán a organización e asistencia do seu persoal de seguridade privada a cursos, adaptados ás distintas modalidades de persoal, de actualización nas materias que experimentaran modificación ou evolución substancial, ou naquelas en que resulte conveniente unha maior especialización.

2. Para os vixilantes de seguridade, os cursos de actualización ou especialización terán unha duración, como mínimo, de vinte horas lectivas; cada vixilante deberá cursar polo menos un por ano, e desenvolveranse na forma que determine o Ministerio do Interior.»

Dezanove. O artigo 58 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 58. *Probas. Contido.*

Os aspirantes que superaran o curso ou cursos a que se refire o artigo 56 solicitarán, por si mesmos ou a través dun centro de formación autorizado, a súa participación nas probas oficiais de coñecementos e capacidade que para cada especialidade estableza o Ministerio do Interior, e que versarán sobre materias sociais, xurídicas e técnicas relacionadas coas respectivas funcións, así como, se é o caso, sobre destreza no manexo de armas de fogo.

Unha vez superadas as probas, os órganos policiais correspondentes expedirán as oportunas habilitacións.»

Vinte. O artigo 59 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 59. *Documentación.*

Coa solicitude, presentaranse os documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos xerais e específicos determinados nos artigos 53 e 54.»

Vinteún. Modifícase o punto 2 do artigo 64. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 64. *Causas.*

1. O persoal de seguridade privada perderá tal condición por algunha das seguintes causas:

a) Por petición propia.

b) Por perda dalgún dos requisitos xerais ou especiais a que se refire a sección 1.^a deste capítulo.

c) Por xubilación.

d) Por execución da sanción de retirada definitiva da habilitación.

2. A inactividade do persoal de seguridade por tempo superior a dous anos esixirá a acreditación dos requisitos a que se refire o punto 3 do artigo 10 da Lei de seguridade privada, así como a superación das probas específicas que para este suposto determine o Ministerio do Interior.»

Vintedous. Incorpórase un parágrafo segundo ó punto 1 do artigo 70. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 70. *Incompatibilidades.*

1. Os vixilantes, dentro da entidade ou empresa onde presten os seus servicios, dedicarase exclusivamente á función de seguridade propia do seu cargo, que non poderán simultanear con outras misións (artigo 12.2 da LSP).

Non se considerará excluída da función de seguridade, propia dos vixilantes, a realización de actividades complementarias, directamente relacionadas con aquela e imprescindibles para a súa efectividade.

2. As funcións de escolta privado, vixilante de explosivos e detective privado son incompatibles entre si e coas demais funcións de persoal de seguridade privada, aínda nos supostos de habilitación múltiple. Tampouco poderá compatibilizarse as súas funcións o persoal de seguridade privada, salvo os xefes de seguridade, co exercicio de calquera outra actividade dentro da empresa en que realicen os seus servicios.»

Vintetrés. Dáselle unha nova redacción ós parágrafos c) e f), e incorpórase un parágrafo g) ó punto 1 do artigo 79. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 79. *Actuación no exterior de inmobles.*

1. Os vixilantes só poderán desempeñar as súas funcións no interior dos edificios ou dos inmobles da vixilancia e seguridade dos cales estivesen encargados, agás nos seguintes casos:

a) O transporte e distribución de moedas e billetes, títulos-valores e demais obxectos que, polo seu valor económico e expectativas que xeren ou pola súa perigosidade, poidan requirir protección especial.

b) A manipulación ou utilización de bens, maquinaria ou equipos valiosos que deban ter lugar nas vías públicas ou de uso común, cando tales operacións, bens ou equipos deban ser protexidos por vixilantes de seguridade, desde o espazo exterior, inmediatamente circundante.

c) Os servicios de verificación de alarmas e de resposta a estas a que se refire o artigo 49 deste regulamento.

d) Os supostos de persecución a delinquentes sorprendidos en flagrante delito, como consecuencia do cumprimento das súas funcións en relación coas persoas ou bens obxecto da súa vixilancia e protección.

e) As situacións en que iso viñese esixido por razóns humanitarias relacionadas coas devanditas persoas ou bens.

f) A retirada e reposición de fondos en caixeiros automáticos, así como a prestación de servicios de vixilancia e protección dos caixeiros durante as citadas operacións, ou nas de reparación de avarías, fóra das horas habituais de horario ó público nas respectivas oficinas.

g) Os desprazamentos excepcionais ó exterior dos inmobles obxecto de protección para a realización de actividades directamente relacionadas coas funcións de vixilancia e seguridade, tendo en conta, se é o caso, as instrucións dos órganos competentes das forzas e corpos de seguridade.

2. As limitacións previstas no punto precedente non serán aplicables ós servicios de vixilancia e protección de seguridade privada dos medios de transporte e das súas infraestructuras que teñan vías específicas e exclusivas de circulación, coordinados cando proceda cos servicios das forzas e corpos de seguridade.»

Vintecatro. Dáselle unha nova redacción ó punto 1 do artigo 80. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 80. *Servicio en polígonos industriais ou urbanizacións.*

1. O servicio de seguridade en vías de uso común pertencentes a polígonos industriais ou urbanizacións illadas será prestado por unha soa empresa de seguridade e deberá realizarse, durante o horario nocturno, por medio de dous vixilantes, polo menos, debendo estar conectados entre si e coa empresa de seguridade por radiocomunicación e dispoñer de medios de desprazamento axeitados á extensión do polígono ou urbanización.

2. A prestación do servicio nos polígonos industriais ou urbanizacións deberá estar autorizada polo gobernador civil da provincia, logo da comprobación, mediante informe das unidades competentes das forzas e corpos de seguridade, de que concorren os seguintes requisitos:

a) Que os polígonos ou urbanizacións estean netamente delimitados e separados dos núcleos poboados.

b) Que non se produza solución de continuidade, entre distintas partes do polígono ou urbanización, por vías de comunicación alleas a estes, ou por outros factores. En caso de que exista ou se produza solución de continuidade, cada parte deberá ser considerada un polígono ou urbanización autónomo para os efectos de aplicación do presente artigo.

c) Que non se efectúe un uso público das rúas do polígono ou urbanización por tráfico ou circulación frecuente de vehículos alleos a estes.

d) Que a administración municipal non se fixera cargo da xestión dos elementos comúns e da prestación dos servicios municipais.

e) Que o polígono ou urbanización conte con administración específica e global que permita a adopción de decisións comúns.

3. Con independencia do disposto no punto 1, os titulares dos bens que integren o polígono ou urbanización poderán concertar con distintas empresas de seguridade a protección dos seus respectivos locais, edificios ou instalacións, pero neste caso os vixilantes de seguridade desempeñarán as súas funcións no interior dos indicados locais, edificios ou instalacións.

4. Cando no cumprimento da súa misión en polígonos industriais ou urbanizacións, e con independencia do exercicio da función que lles corresponda no control de accesos, fose precisa a identificación dalgunha persoa, os vixilantes reflectirana nun parte de servicio, que se entregará seguidamente ás dependencias das forzas e corpos de seguridade.»

Vintecinco. Dáselle unha nova redacción ó punto 1 do artigo 83. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 83. *Responsabilidade pola custodia das armas.*

1. As empresas de seguridade serán responsables da conservación, mantemento e bo funcionamento das armas, e os vixilantes, da seguridade, coidado e uso correcto das que tivesen asignadas, durante a prestación do servizo.

2. Da obriga de deposita-la arma no armeiro do lugar de traballo serán responsables o vixilante e o xefe de seguridade, e da relativa a depósito no armeiro da empresa de seguridade, o vixilante e o xefe de seguridade ou director da empresa de seguridade.

3. Do extravío, roubo ou subtracción das armas, así como, en todo caso, da súa ausencia do armeiro cando deban estar depositadas neste deberase dar conta inmediata ás dependencias das forzas e corpos de seguridade.»

Vinteseis. Dáselle unha nova redacción ó punto 1 do artigo 84. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 84. *Exercicios de tiro.*

1. Os vixilantes de seguridade que presten servizos con armas deberán realizar un exercicio de tiro obrigatorio ó semestre, e os demais que poidan presta-los devanditos servizos, por estaren en posesión das correspondentes licencias de armas, aínda que estas se atopen depositadas nas Intervencións de Armas da Garda Civil, un exercicio de tiro obrigatorio ó ano. En ámbolos dous casos, efectuarase o número de disparos que determine o Ministerio do Interior. Non deberán transcorrer máis de oito meses entre dous exercicios sucesivos dos primeiros, nin máis de catorce meses entre dous exercicios sucesivos dos segundos.

A falta de realización ou o resultado negativo dun exercicio de tiro poderá dar lugar á suspensión temporal da correspondente licenza de armas ata que o exercicio se realice con resultado positivo.

2. Se for necesario, para os exercicios obrigatorios de tiro dos vixilantes que non tivesen asignadas armas, o xefe ou responsable de seguridade da empresa trasladará as que esta posúa con tal obxecto, efectuándose o traslado coa protección dun vixilante armado, indo as armas descargadas e separadas da cartuchería, de acordo co disposto no Regulamento de armas.»

Vinteseite. O artigo 97 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 97. *Comunicación coas forzas e corpos de seguridade.*

Os xefes de seguridade, así como os directores de seguridade, canalizarán cara ás dependencias das forzas e corpos de seguridade as comunicacións a que se refire o artigo 66 deste regulamento, e deberán comparecer ás reunións informativas ou de coordinación a que foren citados polas autoridades policiais competentes.»

Vinteito. O artigo 100 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 100. *Comunicación de altas e baixas.*

As empresas de seguridade e as entidades con departamento de seguridade comunicaranlle á Dirección Xeral da Policía as altas e baixas dos xefes de seguridade e dos directores de seguridade, respectivamente, dentro dos cinco días seguintes á data en que se produzan.»

Vintenoventa. Dáselle unha nova redacción ó punto 4 do artigo 104. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 104. *Rexistro especial.*

1. A Dirección Xeral da Policía levará un rexistro de detectives privados con despacho aberto, no que, co número de orde de inscrición, figurará o seu nome e apelidos, domicilio social e, se é o caso, detectives asociados ou dependentes, habilitados de acordo co disposto nos preceptos aplicables dos artigos 52 a 65 deste regulamento, e delegacións ou sucursais que daqueles dependan, así como o nome comercial que utilicen. A Dirección Xeral da Policía comunicará oportunamente estes datos ó órgano correspondente da comunidade autónoma competente.

2. Para o comezo do desenvolvemento das funcións do detective privado e dos seus detectives asociados, a apertura do despacho deberá constar no rexistro a que se refire o punto anterior, e estaren en posesión o titular e mailos asociados das correspondentes tarxetas de identidade profesional. Non se poderá facer publicidade de actividades propias de detectives privados sen estar inscrito no rexistro.

3. A inscrición do despacho no devandito rexistro practicarase logo da instrución de procedemento, iniciado por solicitude de persoa interesada, no que haberá de acreditarse, se xa non o estiver no órgano encargado do rexistro, o cumprimento dos requisitos xerais que se determinan no artigo 53 deste regulamento, e dos específicos sinalados no artigo 54.5 deste, así como o de causar alta no imposto de actividades económicas.

4. A inscrición de detectives dependentes ou asociados acordarase logo da solicitude do detective titular do despacho de que dependan, achegando, en caso de vinculación laboral, documento acreditativo da alta daqueles na Seguridade Social.

5. Os procedementos de inscrición de despachos de detectives privados seralles de aplicación o disposto nos artigos 8 e 9 deste regulamento, sobre emenda de defectos, resolucións, notificacións e recursos.

6. O número de orde de inscrición e a data en que se acordase comunicaráselle ó interesado, que deberá facer constalo devandito número na súa publicidade, documentos e informes.

7. Calquera variación dos datos rexistrados, así como dos relativos a detectives dependentes ou asociados e a delegacións ou sucursais, comunicarase, no prazo dos quince días seguintes á data en que se produza, para os efectos da súa posible incorporación ó rexistro especial, á Dirección Xeral da Policía, que a transmitirá oportunamente ó órgano correspondente da comunidade autónoma competente.»

Trinta. O artigo 106 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 106. *Establecemento de sucursais.*

Os detectives privados poderán establecer departamentos delegados ou sucursais na mesma localidade onde teñan establecido o seu despacho profesional ou noutras distintas, debendo, en todo caso, estar dirixido cada un deles por un detective habilitado conforme o disposto neste regulamento, distinto do titular da oficina principal.»

Trinta e un. O artigo 107 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 107. *Apertura de sucursais.*

Para a efectividade do disposto no artigo anterior, deberánlle comunicar previamente á Dirección

Xeral da Policía, que lle dará traslado á comunidade autónoma competente, a apertura da delegación ou sucursal, coa determinación da súa localización, e xuntando os documentos relativos ós detectives que vaian traballar nela.»

Trinta e dous. O artigo 108 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 108. *Libro rexistro.*

En cada despacho e sucursais, os detectives levarán un libro rexistro, segundo o modelo que aprobe o Ministerio do Interior, concibido de forma que o seu tratamento e arquivo poida ser mecanizado e informatizado.»

Trinta e tres. O artigo 110 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 110. *Responsabilidade.*

Os detectives privados e as sociedades de detectives responderán civilmente das accións ou omisións en que, durante a execución dos seus servizos, incorran os detectives dependentes ou asociados que con eles estean vinculados.»

Trinta e catro. O artigo 115 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 115. *Departamento de seguridade facultativo.*

As empresas industriais, comerciais ou de servizos, e as entidades públicas e privadas, que, sen estaren obrigadas a iso —por non estaren comprendidas nos supostos regulados no artigo 96 deste regulamento—, pretendan organiza-lo seu departamento de seguridade, con todos ou algún dos labores enumerados no artigo seguinte, deberán dispoñer dun director de seguridade á fronte deste, e comunicarllo á subdelegación do goberno, se o ámbito de actuación non excedese do territorio dunha provincia, e, en todo caso, ó director xeral da Policía.»

Trinta e cinco. Modifícase o parágrafo segundo da letra b) do artigo 121. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 121. *Requisitos das cámaras acoirazadas e de caixas de aluguer.*

As cámaras acoirazadas de efectivo e de compartimentos de aluguer deberán te-las características e o nivel de resistencia que determine o Ministerio do Interior, e estar provistas das seguintes medidas de seguridade:

a) Dispositivo mecánico ou electrónico que permita o bloqueo da súa porta desde a hora de peche do establecemento ata a primeira hora do día seguinte hábil.

b) Sistema de apertura automática retardada, que deberá estar activada durante a xornada laboral, salvo as cámaras de compartimentos de aluguer, que deberán dispoñer de sistema electrónico de detección de ataques conectado as vinte e catro horas.

Nos supostos en que as cámaras acoirazadas, coa finalidade de permiti-lo acceso ó seu interior en caso de emerxencia, contén con trampóns, estes poderán estar libres de calquera dispositivo de bloqueo ou temporización, sempre que as súas chaves sexan depositadas para a súa custodia noutra sucursal próxima da mesma entidade ou grupo.

c) Detectores sísmicos, detectores microfónicos ou outros dispositivos que permitan detectar calquera ataque a través de teitos, paredes ou chanas das cámaras acoirazadas ou das caixas de aluguer.

d) Detectores volumétricos.

e) Miras ollo de peixe ou dispositivos similares, ou circuito pechado de televisión no seu interior, conectado coa detección volumétrica ou provisto de videosenor, con proxección de imaxes nun monitor visible desde o exterior.

Estas imaxes deberán ser transmitidas á central de alarmas ou, no caso contrario, a entidade deberá dispoñer do servizo de custodia de chaves para a resposta ás alarmas.»

Trinta e seis. No artigo 122 dáselle unha nova redacción ó parágrafo primeiro do punto 3 e incorpórase un último parágrafo ó devandito punto 3; dáselle unha nova redacción ó parágrafo b) do punto 4.1.^a e, neste mesmo punto, inclúese o 3.^o Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 122. *Caixas fortes, dispensadores de efectivo e caixeiros automáticos.*

1. As caixas fortes deberán te-los niveis de resistencia que determine o Ministerio do Interior, e estarán protexidas cos dispositivos de bloqueo e apertura automática retardada, de acordo co disposto no artigo anterior. Cando o seu peso sexa inferior a 2.000 quilogramos, estarán, ademais, ancoradas, de xeito fixo, en estruturas de formigón armado, ó chan ou ó muro.

2. Para o funcionamento do establecemento ou oficina, as caixas auxiliares, ademais do caixón onde se deposita, se é o caso, o efectivo necesario para realiza-las operacións, estarán provistas de elementos con posibilidade de depósito de efectivo no seu interior, de forma que quede sometido necesariamente a apertura retardada para a súa extracción.

3. Os dispensadores de efectivo deberán estar construídos con materiais da resistencia que determine o Ministerio do Interior, debendo estar conectados á central de alarmas durante o horario de atención ó público.

Para estes efectos, considéranse dispensadores de efectivo os que, estando provistos de sistema de apertura automática retardada e posibilidade para admitir ingresos, permitan a dispensa automática de efectivo contra contas correntes, contables ou libretas de aforro, libremente, ata a cantidade que determine o Ministerio do Interior.

Cando nun establecemento ou oficina tódalas caixas auxiliares sexan substituídas por dispensadores de efectivo, non serán precisas as instalacións a que se refire o artigo 120.1.d) e e) deste regulamento. Non obstante, poderá dispoñerse de caixas auxiliares para a súa utilización en caso de avaría dos dispensadores de efectivo.

4. Os caixeiros automáticos deberán estar protexidos coas seguintes medidas de seguridade:

1.^o Cando se instalen no vestíbulo do establecemento:

a) Porta de acceso blindada con acristalamento resistente polo menos ó impacto manual do nivel que se determine, e dispositivo interno de bloqueo.

b) Dispositivo de apertura automática retardada na porta de acceso ó depósito de efectivo, que poderá ser desactivado, durante as operacións de carga, polos vixilantes de seguridade encargados das devanditas operacións, logo do aviso, se é o caso, ó responsable do control dos sistemas de seguridade.

C) Detector sísmico na parte posterior.

2.º Cando se instalen en fachada ou dentro do perímetro interior dun inmovible, as medidas establecidas nos parágrafos b) e c) anteriores.

3.º Cando se instalen no interior de edificios, locais ou inmovibles, sempre que estes se atopen dotados de vixilancia permanente con armas, os caixeiros automáticos quedan exceptuados do cumprimento das anteriores medidas de seguridade, e unicamente se esixirá que estean ancorados ó chan ou ó muro cando o seu peso sexa inferior a 2.000 quilogramos.

5. Se os caixeiros automáticos se instalasen en espazos abertos, e non formasen parte do perímetro dun edificio, deberán dispoñer de cabina ancorada ó chan, das características que se determinen, e estar protexidos coas medidas a que se refire o punto 1.º anterior.»

Trinta e sete. Incorpórase un segundo parágrafo no punto 1 do artigo 135. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 135. *Revisión. Libro catálogo.*

1. Para os efectos de manter o funcionamento das distintas medidas de seguridade previstas neste título e da consecución da finalidade preventiva e protectora, propia de cada unha delas, a dirección de cada entidade ou establecemento obrigado a ter medidas de seguridade electrónicas disporá a revisión e posta a punto, trimestralmente, das devanditas medidas por persoal especializado de empresas de seguridade, ou propio se dispón de medios axeitados, non debendo transcorrer máis de catro meses entre dúas revisións sucesivas, e anotará as revisións e postas a punto que se realicen nun libro catálogo das instaladas, segundo o modelo que se aprobe consonte as normas que dicte o Ministerio do Interior, concibido de forma que poida ser obxecto de tratamento e arquivo mecanizado e informatizado.

Este libro catálogo será tamén obrigatorio para as empresas industriais, comerciais ou de servicios, conectadas a centrais de alarmas.

2. Cando as instalacións permitan a comprobación do estado e do funcionamento de cada un dos elementos do sistema desde a central de alarmas, as revisións preventivas terán unha periodicidade anual, non podendo transcorrer máis de catorce meses entre dúas sucesivas.»

Trinta e oito. O artigo 136 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 136. *Autorización.*

1. Cando se pretenda a apertura ou traslado dun establecemento ou oficina, os locais ou instalacións dos cales teñan que dispoñer, en todos ou nalgúns dos seus servicios, de medidas de seguridade determinadas neste regulamento, o responsable daqueles solicitará a autorización do delegado do Goberno, o cal ordenará o exame e comprobación das medidas de seguridade instaladas e o seu correcto funcionamento, ós funcionarios que teñen atribuídas legalmente as devanditas facultades. Ata que tal comprobación teña lugar, poderá ser autorizada provisionalmente, pola autoridade policial competente, a apertura do establecemento ou oficina por un prazo máximo de tres meses, sempre que se implante transitoriamente o servicio de vixilantes de seguridade con armas.

Cando se trate da reforma dun establecemento ou oficina, anteriormente autorizados, que implique

a adopción ou modificación de medidas de seguridade, abondará a comunicación ás dependencias policiais competentes, para a súa comprobación.

2. Practicada a inspección sen constatar deficiencias das medidas de seguridade obrigatorias, o establecemento poderá continuar coas súas actividades sen necesidade do servicio de vixilancia armada, ata que teña lugar a autorización definitiva, ou ben proceder á apertura provisional, se non o fíxese con anterioridade, abondando para iso a acta favorable de inspección.

3. De observarse deficiencias nas medidas de seguridade obrigatorias, entregarase copia da acta de inspección á empresa ou entidade interesada para a emenda daquelas no prazo máximo dun mes, debendo comunicarse a emenda á dependencia policial competente para os efectos de nova comprobación. Durante o indicado prazo, o establecemento poderá permanecer en funcionamento sempre que conte co servicio de vixilantes de seguridade con armas.

Transcorrido o devandito prazo sen que a empresa ou entidade interesada comunicara a emenda das deficiencias, procederáse ó peche do establecemento ou oficina ata que se constate a súa emenda mediante a correspondente acta de inspección.

4. No caso de que a empresa ou entidade solicitante non recibise indicación ou comunicación ningunha, no prazo de tres meses seguintes á data de presentación da solicitude de autorización, ou no dun mes desde a data de presentación da comunicación relativa á emenda de deficiencias, poderá entenderse autorizada a apertura ou traslado do establecemento ou aprobada a reforma efectuada.

5. As medidas de seguridade non obrigatorias e as reformas que non afecten ós elementos esenciais do sistema de seguridade, instalados neste tipo de establecementos ou oficinas, deberán ser comunicadas ás dependencias policiais dos órganos competentes, antes da súa entrada en funcionamento, pero non estarán suxeitas a autorización previa.

6. As previsións contidas neste artigo serán tamén aplicables ós caixeiros automáticos, nos supostos de instalación e entrada en funcionamento, modificación ou traslado destes.»

Trinta e nove. Dáselle unha nova redacción ó punto 1 do artigo 139. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 139. *Comunicación sobre pólizas de responsabilidade.*

1. Anualmente, no mesmo prazo determinado no punto 1 do artigo anterior, as empresas de seguridade deberán presentar, no rexistro en que se atopasen inscritas, certificado acreditativo de vixencia da correspondente póliza que documente o contrato de seguro de responsabilidade civil.

2. En tódolos supostos de terminación do contrato, a empresa deberá concertar oportunamente, de forma que non se produza solución de continuidade na cobertura da responsabilidade, unha nova póliza que cumpra as esixencias establecidas no artigo 5.1.c) e no anexo deste regulamento, acreditándoo ante o Rexistro de Empresas de Seguridade.»

Corenta. O artigo 141 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 141. *Memoria anual dos detectives privados.*

Os detectives privados terán que presentar na Secretaría de Estado de Seguridade, dentro do pri-

meiro trimestre de cada ano, unha memoria de actividades do ano precedente, na que se fará consta-la relación de servicios efectuados, a condición física ou xurídica das persoas coas que se concertaron, consignándose neste último caso o sector específico e a actividade concreta de que se trate, a natureza dos servicios prestados, os feitos delictuosos perseguibles de oficio comunicados como consecuencia da súa actuación, e os órganos gubernativos ós que se comunicaron.»

Corenta e un. Dáselle unha nova redacción ó punto 1 e incorpórase o punto 3 do artigo 144. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 144. *Inspeccións.*

1. Á parte do desenvolvemento dos plans de inspección que teñan establecidos, cando reciban denuncias sobre irregularidades cometidas por empresas ou persoal de seguridade, ou por centros de formación ou o seu persoal, os servicios policiais de inspección e control procederán á comprobación dos feitos denunciados e, se é o caso, á apertura do correspondente procedemento.

2. Sempre que o persoal indicado realice unha inspección de empresas de seguridade, de establecementos públicos ou privados, ou de despachos dos detectives privados:

a) Dilixenciará os libros revisados, facendo consta-las deficiencias ou anomalías que observe.

b) Efectuará as comprobacións precisas para a constatación do contido reflectido nos libros, debendo as empresas e o persoal de seguridade colaborar con tal obxecto.

c) De cada inspección, estenderá a acta correspondente, facilitando unha copia ó responsable do establecemento.

3. Os actos de inspección, que se contraerán ás medidas, medios e actividades de seguridade privada, poderán desenvolverse, indistintamente:

a) Na sede social da empresa, delegacións, oficinas, locais, despachos, ou lugares anexos a estes, nos que se desenvolvan actividades de seguridade privada ou relacionadas con esta.

b) Nos inmobles, espazos ou lugares onde se presten servicios de seguridade privada.»

Corenta e dous. No artigo 148 dáselle unha nova redacción ó parágrafo primeiro do punto 5, e incorpóranse os parágrafos c), d) e e) no punto 7. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 148. *Infraccións moi graves.*

As empresas poderán incorrer nas seguintes infraccións moi graves:

1. A prestación de servicios de seguridade a terceiros, carecendo da autorización necesaria, incluíndo:

a) A prestación de servicios de seguridade sen obte-la inscrición e a autorización de entrada en funcionamento para a clase de servicios ou actividades de que se trate.

b) A continuación da prestación de servicios en caso de cancelación da inscrición ou de rescisión da póliza de responsabilidade civil, sen concertar outra nova dentro do prazo regulamentario.

c) A subcontratación dos servicios e actividades de seguridade privada con empresas que non

dispoñan da habilitación necesaria para o servicio ou actividade de que se trate, salvo nos supostos regulamentariamente permitidos.

2. A realización de actividades prohibidas no artigo 3 da lei, sobre conflitos políticos ou laborais, control de opinións, recollida de datos persoais con tal obxecto, ou información a terceiras persoas sobre os seus clientes ou o seu persoal, no caso de que non sexan constitutivas de delicto.

3. A instalación de medios materiais ou técnicos non homologados que sexan susceptibles de causar grave dano ás persoas ou ós intereses xerais.

4. A negativa a facilitar, cando proceda, a información contida nos libros rexistro regulamentarios.

5. O incumprimento das previsións normativas sobre adquisición e uso das armas, así como sobre dispoñibilidade de armeiros, conservación, mantemento, bo funcionamento das armas e custodia destas, particularmente a tenza de armas polo persoal ó seu servicio fóra dos casos permitidos pola lei, incluíndo:

a) Posuír armas que non sexan as regulamentariamente determinadas para o servicio de que se trate.

b) A tenza de armas carecendo da súa guía de pertenza.

c) Adxudicarlle ó persoal de seguridade armas que non sexan as regulamentariamente establecidas para o servicio.

d) A negligencia na custodia de armas, que poída provoca-la súa subtracción, roubo ou extravío.

e) Carecer de armeiro coa correspondente homologación ou non facer uso deste, nos casos en que estea esixido neste regulamento.

f) A realización dos exercicios de tiro obrigatorios polo persoal de seguridade sen a presenza ou sen a dirección do instructor de tiro ou, se é o caso, do xefe de seguridade, ou incumprindo o disposto para o efecto no artigo 84.2 deste regulamento.

g) Prover de armas a persoal que careza da licenzia regulamentaria.

6. A realización de servicios de seguridade con armas fóra dos casos previstos na lei e neste regulamento, así como encargar servicios con armas a persoal que careza da licenzia regulamentaria.

7. A negativa a prestar auxilio ou colaboración coas forzas e corpos de seguridade na investigación e persecución de actos delictuosos, no descubrimento e detención dos delinquentes ou na realización das funcións inspectoras ou de control que lles correspondan, incluíndo:

a) A falta de comunicación oportuna ás forzas e corpos de seguridade de informacións relevantes para a prevención, mantemento ou restablecemento da seguridade cidadá.

b) A falta de comunicación oportuna dos feitos delictuosos de que tiveren coñecemento no desenvolvemento das súas actividades.

c) A negativa a lles facilitar ós funcionarios competentes os contratos, libros rexistro ou follas de ruta regulamentarios, que conteñan datos relacionados cos servicios de seguridade privada.

d) A negativa a lles facilitar ós devanditos funcionarios o acceso ós lugares onde se leven a cabo actividades de seguridade privada, ou se presten servicios desta natureza, agás ós domicilios particulares.

e) Impedir ou dificultar de calquera modo o control da prestación de servizos de seguridade, cando se establezan sistemas informáticos de comunicación.

8. A comisión dunha terceira infracción grave no período dun ano.»

Corenta e tres. Dáselle unha nova redacción ó parágrafo b) do punto 4, e ó punto 5 do artigo 149. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 149. *Infraccións graves.*

As empresas de seguridade poderán incorrer nas seguintes infraccións graves:

1. A instalación de medios materiais ou técnicos non homologados, cando a homologación sexa preceptiva.

2. A realización de servizos de transporte con vehículos que non reúnan as características regulamentarias, incluíndo:

a) A utilización de vehículos con distintivos ou características semellantes ós das forzas armadas ou ós das forzas e corpos de seguridade ou dotados de luces lampexantes ou de sistemas acústicos que lles estean prohibidos.

b) A realización dos servizos de transporte ou distribución sen que os vehículos contén coa dotación regulamentaria de vixilantes de seguridade ou, se é o caso, sen a protección necesaria.

3. A realización de funcións que excedan da habilitación obtida pola empresa de seguridade ou polo persoal ó seu servizo, ou fóra do lugar ou do ámbito territorial correspondente, así como a retención da documentación persoal; a realización de servizos en polígonos industriais e urbanizacións sen obter a autorización expresa do Goberno Civil ou do órgano correspondente da comunidade autónoma competente, e a subcontratación de servizos de seguridade con empresas inscritas, pero non habilitadas para o ámbito territorial correspondente ó lugar de realización do servizo ou actividade subcontratados.

4. A realización dos servizos de seguridade sen formalizar ou sen lle comunicar á autoridade competente a celebración dos correspondentes contratos, incluíndo:

a) A realización de servizos de protección persoal, carecendo da autorización a que se refiren os artigos 27 e seguintes deste regulamento, fóra do prazo establecido ou á marxe das condicións impostas na autorización.

b) A falta de comunicación dos contratos, ou, se é o caso, das ofertas en que se concreten as súas prestacións, ou das súas modificacións, ás autoridades competentes; non o facer dentro dos prazos establecidos, ou realízalo sen axustarse ós modelos ou formatos aprobados, e a prestación dos servizos en circunstancias ou condicións distintas das previstas nos contratos comunicados.

c) A falta de comunicación ás autoridades competentes, dentro do prazo establecido, da prestación de servizos urxentes, en circunstancias excepcionais.

5. A utilización no exercicio de funcións de seguridade, de persoas que carezan da nacionalidade, cualificación, acreditación ou titulación esixidas, ou de calquera outro dos requisitos necesarios, incluíndo o da superación dos correspondentes cursos de actualización e especialización coa perio-

dicidade establecida, e a utilización de persoal habilitado sen a correspondente comunicación de altas empresas, na forma establecida.

6. O abandono ou a omisión inxustificadas do servizo, dentro da xornada laboral establecida, por parte dos vixilantes de seguridade e de todo o persoal de seguridade privada ó que se aplican as normas dos vixilantes.

7. A falta de presentación á autoridade competente do informe anual de actividades, na forma e prazo previstos ou con omisión das informacións requiridas legal e regulamentariamente.

8. Non lles transmitir ás forzas e corpos de seguridade os sinais de alarma que se rexistren nas centrais privadas, transmiti-los sinais con atraso inxustificable ou comunicar falsas incidencias, por negligencia, deficiente funcionamento ou falta de verificación previa, incluíndo:

a) O funcionamento deficiente das centrais de alarmas por carecer do persoal preciso.

b) A transmisión de alarmas ós servizos policiais sen verificalas previa e axeitadamente.

c) A transmisión de falsas alarmas ás forzas e corpos de seguridade por falta de adopción das precaucións necesarias para evitalas.

d) A falta de emenda das deficiencias que dean lugar a falsas alarmas, cando se fose requirido para iso, e a de desconexión do sistema que fose regulamentariamente ordenada.

9. A comisión dunha terceira infracción leve no período dun ano.»

Corenta e catro. Dáselles unha nova redacción ós puntos 12 e 18 do artigo 150. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 150. *Infraccións leves.*

As empresas de seguridade poderán incorrer nas seguintes infraccións leves:

1. A entrada en funcionamento das empresas de seguridade sen dar conta diso ós servizos policiais competentes, salvo que constituía infracción grave ou moi grave.

2. A apertura de delegacións ou sucursais sen obter a autorización necesaria do órgano competente.

3. A omisión do deber de abrir sucursais ou delegacións nos supostos previstos no artigo 17.2 deste regulamento.

4. A publicidade da empresa sen estar inscrita e autorizada, e a realización de publicidade das actividades e servizos ou a utilización de documentos ou impresos nas súas comunicacións, sen facer constalo número de rexistro da empresa.

5. A falta de presentación anual, dentro do prazo establecido, do certificado de vixencia da póliza de responsabilidade civil.

6. A falta de comunicación á autoridade competente, no prazo e na forma previstos, dos cambios que afecten a titularidade das accións ou participacións no capital ou a composición persoal dos órganos de administración, e de calquera variación nos órganos de dirección da sociedade.

7. A falta de comunicación á autoridade competente da información prevista durante a prestación de servizos de protección persoal ou a relativa á finalización do servizo.

8. A omisión do deber de reserva na programación, itinerario e realización dos servizos rela-

tivos ó transporte e distribución de obxectos valiosos ou perigosos.

9. A realización das operacións de transporte, carga ou descarga de obxectos valiosos ou perigosos en forma distinta da prevista ou sen adoptalas precaucións necesarias para a súa seguridade.

10. A realización dos servizos sen asegura-la comunicación entre a sede da empresa e o persoal que os desempeña cando for obrigatoria.

11. A omisión das prevencións ou precaucións regulamentarias no transporte de obxectos valiosos por vía marítima ou aérea.

12. A omisión dos proxectos de instalación, previos á instalación de medidas de seguridade; das comprobacións necesarias, ou da expedición do correspondente certificado que garanta que as instalacións de seguridade cumpren as esixencias regulamentarias.

13. A falta de realización das revisións obrigatorias das instalacións de seguridade sen cumpri-la periodicidade establecida ou con persoal que non reúna a cualificación requirida.

14. A carencia de servizo técnico necesario para arranxa-las avarías que se produzan nos aparellos, dispositivos ou sistemas de seguridade obrigatorios, ou telo sen a capacidade ou eficacia axeitadas.

15. O incumprimento da obriga de entrega-lo manual da instalación ou o manual de uso do sistema de seguridade ou facilitalos sen reuni-las esixencias regulamentarias.

16. A prestación de servizos de custodia de chaves, carecendo de armeiro ou de caixa forte ou sen cumpri-las precaucións previstas para o efecto.

17. A actuación do persoal de seguridade sen a debida uniformidade ou os medios que regulamentariamente sexan esixibles.

18. A omisión do deber de adapta-los libros rexistro regulamentarios ás normas reguladoras dos seus formatos ou modelos; do de levalos regularmente e ó día, ou do de cumpri-las normas de funcionamento do sistema ou sistemas de información, comunicación ou certificación que se determinen.

19. En xeral, o incumprimento dos trámites, condicións ou formalidades establecidos pola Lei de seguridade privada ou por este regulamento, sempre que non constituía delicto ou infracción grave ou moi grave.»

Corenta e cinco. Dáselle unha nova redacción ó punto 13 do artigo 153. Este artigo queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 153. *Infraccións leves.*

O persoal que desempeña funcións de seguridade privada poderá incorrer nas seguintes infraccións leves:

1. A actuación sen a debida uniformidade ou medios que regulamentariamente sexan esixibles, por parte do persoal non integrado en empresas de seguridade.

2. O trato incorrecto ou desconsiderado cos cidadáns cos que se relacionen no exercicio das súas funcións.

3. Non lle comunicar oportunamente ó Rexistro as variacións dos datos rexistrados dos detectives titulares ou detectives asociados ou dependentes.

4. A publicidade dos detectives privados carecendo da habilitación necesaria, e a realización da publicidade ou a utilización de documentos ou impresos, sen facer consta-lo número de inscrición no Rexistro.

5. Non levaren os detectives privados o libro rexistro previsto, non o levaren consonte as normas reguladoras de modelos ou formatos, ou non faceren constar nel os datos necesarios.

6. Non lles comunicar oportunamente ás forzas e corpos de seguridade o extravío, destrución, roubo ou subtracción da documentación relativa ás armas que tivesen asignadas.

7. A falta de comunicación oportuna por parte do persoal de seguridade privada das ausencias do servizo ou da necesidade de ausentarse, para os efectos de substitución ou relevo.

8. A utilización de cans na prestación dos servizos, sen cumpri-los requisitos ou sen ter en conta as precaucións previstas para o efecto.

9. Non utiliza-los uniformes e distintivos, cando sexa obrigatorio, ou utilízalos fóra dos lugares ou das horas de servizo.

10. A delegación polos xefes de seguridade de facultades non delegables ou facelo en persoas que non reúnan os requisitos regulamentarios.

11. Desatender sen causa xustificada as instrucións das forzas e corpos de seguridade en relación coas persoas ou bens obxecto da súa vixilancia e protección.

12. Non mostra-la súa documentación profesional ós funcionarios policiais ou non se identificar ante os cidadáns cos que se relacionasen no servizo, se fosen requiridos para iso.

13. En xeral, o incumprimento dos trámites, condicións ou formalidades establecidos pola Lei de seguridade privada ou por este regulamento, sempre que non constituían delicto ou infracción grave ou moi grave, incluíndo a non realización dos correspondentes cursos de actualización e especialización ou non os facer coa periodicidade establecida.»

Corenta e seis. O artigo 159 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 159. *Informe.*

Nos procedementos por faltas moi graves ou graves, antes de formula-la proposta de resolución, o órgano instructor, se é o caso, remitirá copia do expediente instruído, e solicitará informe á unidade orgánica central de seguridade privada da Dirección Xeral da Policía, que deberá emitilo nun prazo de quince días.»

Corenta e sete. Dáselle unha nova redacción ás funcións numeradas como 6.^a, 8.^a, 22.^a, 26.^a e 35.^a da disposición adicional única, que pasa a ser disposición adicional primeira. A devandita disposición queda redactada do seguinte xeito:

«Disposición adicional primeira. *Funcións das policías das comunidades autónomas.*

Os órganos correspondentes e, se é o caso, as policías das comunidades autónomas con competencias para a protección de persoas e bens e para o mantemento da orde pública, conforme o disposto nos seus estatutos de autonomía e o previsto na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, exercerán as facultades de autorización, inspección e sanción das empresas de seguridade que teñan o seu domicilio legal no territorio de cada comunidade autónoma e o ámbito de actuación limitado a el. Tamén lles corresponderá a denuncia, e posta en coñecemento das autoridades competentes, das infraccións cometidas polas empresas de seguridade que non teñan o seu domicilio legal no territorio da comunidade

autónoma ou o seu ámbito de aplicación limitado a este. Así mesmo, exercerán as facultades en materia de seguridade privada derivadas da disposición adicional da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá. En particular, correspóndenlle-las funcións reguladas nos artigos deste regulamento que seguidamente se determinan:

1.^a Artigo 2.1. O requisito de inscrición debe materializarse no rexistro da comunidade autónoma competente.

2.^a Artigo 5.1. Instrucción e resolución das distintas fases do procedemento de habilitación de empresas de seguridade. Coñecemento do propósito de terminación do contrato de seguro de responsabilidade civil.

3.^a Artigo 5.3. Inspección e control en materia de seguridade privada, así como requirimento de informes sobre as características dos armeiros de empresas de seguridade.

4.^a Artigo 7.1. A garantía deberá constituírse na caixa que determine a comunidade autónoma competente, consonte a normativa correspondente, e a disposición das súas autoridades.

5.^a Artigo 12.2. Cancelación de inscricións de empresas de seguridade.

6.^a Artigos 14.1 e 15. Recepción de informacións relativas a actividades e ó persoal das empresas de seguridade. E control de comezo das actividades das empresas de seguridade inscritas e autorizadas pola comunidade autónoma.

7.^a Artigo 17.1 e 2. Solicitude ou coñecemento da apertura de delegacións ou sucursais de empresas de seguridade.

8.^a Artigos 19.1.a), 20 e 21. Control de prestación de servicios e dos contratos correspondentes.

9.^a Artigo 24. Determinación de servicios nos que as empresas deberán garanti-la comunicación entre as súas sedes e o persoal que os desempeñe.

10.^a Artigo 27, puntos 3 e 4, e artigo 28; artigo 29, e artigo 30, puntos 1, 4 e 5.

11.^a Autorización de actividades de protección de persoas, cando se desenvolvan no ámbito territorial da comunidade autónoma.

12.^a Autorizacións provisionais de carácter inmediato para a prestación de servicios de protección persoal.

13.^a Comunicación da composición da escolta, das súas variacións e da finalización do servicio, así como comunicación ás policía das comunidades autónomas das autorizacións concedidas, dos datos das persoas protexidas e dos escoltas e do momento de iniciación e finalización do servicio.

Os órganos correspondentes da comunidade autónoma competente darán conta oportunamente á Dirección Xeral da Policía das autorizacións concedidas e das comunicacións recibidas, de acordo co disposto nos mencionados artigos 27, 28, 29 e 30.

14.^a Artigo 32.1. Determinación de protección de vehículos non blindados.

15.^a Artigo 36. Supervisión dos transportes de fondos, valores ou obxectos.

16.^a Artigo 44. Coñecemento das características do servicio técnico de avarías.

17.^a Artigo 50. Requirimento de emenda de deficiencias e orde de desconexión do sistema coa central de alarmas.

18.^a Artigo 66.3. Regulación e concesión de distincións honoríficas.

19.^a Artigo 80.2. Autorización de servicios de seguridade en polígonos industriais ou urbanizacións illadas.

20.^a Artigo 93.3. Autorización de servicios con armas por gardas particulares do campo que desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da comunidade autónoma.

21.^a Artigo 96.b) e c). Disposición sobre prestación de servicios baixo a dirección dun xefe de seguridade.

22.^a Artigo 100. Comunicación de altas e baixas dos xefes de seguridade e dos directores de seguridade.

23.^a Artigos 104, 105 e 107. A apertura de despachos de detectives privados e das súas delegacións e sucursais, así como os actos constitutivos de sociedades de detectives e as súas modificacións no territorio da comunidade autónoma deberán ser comunicadas a esta pola Dirección Xeral da Policía, tan pronto como figuren regularizados no correspondente rexistro.

24.^a Artigo 111. Resolución sobre adopción de medidas de seguridade por parte de empresas ou entidades industriais, comerciais ou de servicios.

25.^a Artigo 112.1. Esixencia ás empresas ou entidades para que adopten servicios ou sistemas de seguridade.

26.^a Artigo 115. Comunicacións relativas á creación de departamentos de seguridade e á designación de directores de seguridade.

Artigo 115. Solicitudes de creación de departamentos de seguridade.

27.^a Artigo 118. Concesión de dispensas da implantación ou mantemento do servicio de vixilantes de seguridade, e inspección por parte da policía da comunidade autónoma correspondente.

28.^a Artigo 120.2, parágrafo terceiro. Autorización para a substitución de medidas de seguridade pola implantación do servicio de vixilantes de seguridade.

29.^a Artigo 124.3. Autorización para o funcionamento de oficinas de cambio de divisas, bancos móbiles e módulos transportables.

30.^a Artigo 125. Concesión de exencións de implantación de medidas de seguridade.

31.^a Artigo 128. Coñecemento de realización de exhibicións ou poxas de obxectos de xoiería ou pratería, así como de antigüidades ou obras de arte, así como a imposición de medidas de seguridade.

32.^a Artigo 129. Dispensa da adopción de medidas de seguridade.

33.^a Artigo 130.5 e 6. Imposición da obriga de adoptar servicios ou sistemas de seguridade ás estacións de servicio e unidades de subministración de combustibles e carburantes, así como a dispensa da adopción de medidas de seguridade.

34.^a Artigo 132.4. Adopción de sistemas de seguridade por parte de administracións de lotería e despachos de apostas mutuas.

35.^a Artigo 136. Comprobacións, inspeccións e autorizacións de apertura e traslado de establecementos ou oficinas obrigados a dispoñer de medidas de seguridade, e de instalación, modificación e traslado de caixeiros automáticos.

36.^a Artigo 137.1. Competencia de control en materia de seguridade privada.

37.^a Artigo 137.2. Colaboración da policía para o exercicio da función de control.

38.^a Artigo 137.3. Control das actuacións dos gardas particulares do campo.

39.^a Artigo 138. Do informe anual de actividades das empresas de seguridade que teñan o

seu domicilio social e o seu ámbito de actuación limitado ó territorio dunha comunidade autónoma competente na materia, que sexa remitido á Secretaría de Estado de Interior, será enviada copia pola devandita Secretaría ó órgano correspondente da comunidade autónoma.

40.^a Artigo 140. Comunicación de modificacións de empresas de seguridade inscritas no rexistro da comunidade autónoma.

41.^a Artigo 141. Da memoria anual de actividades dos detectives privados con despachos, delegacións ou sucursais sitios exclusivamente no territorio dunha comunidade autónoma competente na materia, que sexa remitida á Secretaría de Estado de Interior, será enviada copia pola devandita secretaria ó órgano correspondente da comunidade autónoma.

42.^a Artigo 143. Disposición dos libros rexistro das empresas de seguridade, e dos detectives privados, e acceso a armeiros, cámaras acoirazadas e instalacións daquelas; todo iso para os efectos de inspección e control.

43.^a Artigo 145. Adopción da medida preventiva de ocupación ou precinto e ratificación desta, se é o caso.

44.^a Artigo 147. Suspensión e ratificación da suspensión, de servizos de seguridade privada ou da utilización de medios materiais ou técnicos.

45.^a Artigo 157.2. Competencia para ordena-la incoación de procedementos sancionadores e para adoptar medidas preventivas en relación coas empresas de seguridade.

46.^a Artigo 158. Competencia para a instrución de procedementos sancionadores ás empresas de seguridade.

47.^a Artigos 160 e 162. Competencia para a emisión de informe e para acorda-la publicación da sanción.»

Corenta e oito. Incorpórase a disposición adicional segunda.

«Disposición adicional segunda. *Reducción dos mínimos de garantía.*

As cantidades determinantes dos mínimos de garantía, especificados no punto I do anexo a este regulamento, calquera que foren as actividades que realicen ou servizos que presten, quedarán reducidos ó 50 por 100, cando se trate de empresas que teñan un cadro de persoal de menos de 50 traballadores, e durante dous anos consecutivos non superen os 601.012,10 euros (100.000.000 de pesetas) de facturación anual.»

Corenta e nove. Incorpórase unha disposición derogatoria única.

«Disposición derogatoria única.

Queda derogado o punto 2 do artigo 30 e o punto 5 do artigo 43 do Regulamento de seguridade privada.»

Disposición adicional primeira. *Actividades excluídas.*

O parágrafo inicial da disposición adicional primeira do Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade privada, queda redactado do seguinte xeito:

«Quedan fóra do ámbito de aplicación do Regulamento de seguridade privada as actividades

seguintes, realizadas por persoal distinto do de seguridade privada, non integrado en empresas de seguridade, sempre que a contratación sexa realizada polos titulares dos inmobles e teña por obxecto directo algunha das seguintes actividades:»

Disposición adicional segunda. *Prazos de adecuación de medidas de seguridade.*

A disposición transitoria quinta.un.A).b).2.º do Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de seguridade privada, queda redactada do seguinte xeito:

«2.º Cinco anos para as medidas correspondentes a cámaras acoirazadas e cámaras de caixas de aluguer.

Non será necesaria a adecuación esixida nesta disposición transitoria ós requisitos establecidos polas normas de desenvolvemento do Regulamento de seguridade privada, das cámaras acoirazadas de efectivo que teñan por finalidade exclusiva a de protexelo encaixe diario necesario para o funcionamento da oficina correspondente. Tamén será necesaria a adecuación dos compartimentos de aluguer das cámaras, nin a das caixas fortes ou armarios blindados en que se sitúen compartimentos de aluguer.

As cámaras acoirazadas de efectivo, con excepción das incluídas no parágrafo anterior, e as cámaras de caixas de aluguer instaladas con anterioridade á data de entrada en vigor das normas de desenvolvemento do Regulamento de seguridade privada, quedarán eximidas do cumprimento do deber de adaptación ás medidas de seguridade establecidas, cando os servizos policiais competentes verifiquen a imposibilidade física de levar a cabo tal adaptación, e sempre que as citadas cámaras se doten das medidas complementarias de carácter electrónico que se determinen.

As medidas correspondentes a cámaras acoirazadas de efectivo e cámaras de caixas de aluguer reguladas no Regulamento de seguridade privada e normas que o desenvolvan, serán esixibles a aquelas que se instalen por primeira vez a partir da data de entrada en vigor das citadas normas de desenvolvemento.»

Disposición adicional terceira. *Adecuación á normativa europea. Referencias.*

De conformidade co establecido na disposición derogatoria única, punto 2, do Real decreto lei 2/1999, do 29 de xaneiro, polo que se modifica a Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, tódalas referencias á nacionalidade e á residencia contidas no Regulamento de seguridade privada, aprobado polo Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro, entenderanse feitas á nacionalidade de calquera dos estados membros da Unión Europea e á dos estados parte no Acordo sobre o Espacio Económico Europeo, e á residencia no territorio dos devanditos estados.

Disposición adicional cuarta. *Adecuación de referencias á actual estrutura administrativa.*

Así mesmo, tódalas referencias contidas no Regulamento de seguridade privada ó Ministerio de Xustiza e Interior, á Secretaría de Estado de Interior, e ós gobernos civís, entenderanse feitas ó Ministerio do Interior, á Secretaría de Estado de Seguridade, e ás Delegacións do Goberno, respectivamente.

Disposición transitoria primeira. *Comunicación de datos.*

Dentro do prazo de tres meses seguinte á data de promulgación deste real decreto, as empresas de seguridade inscritas nos correspondentes rexistros policiais, deberán presentar nestes unha relación do persoal de que dispoñan, con expresión de datos de identificación, categorías e postos de traballo.

Igualmente, as empresas industriais, comerciais e de servizos que, na data de promulgación deste real decreto, dispoñan de departamento de seguridade, deberán comunicarlle ó servizo policial correspondente a estrutura e funcións do devandito departamento, así como os datos de identificación do director de seguridade que se atope á fronte deste.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia de normas preexistentes.*

Ata que teña lugar a aprobación das disposicións precisas para o desenvolvemento e execución do previsto neste real decreto, continuarán en vigor as normas aplicables ós aspectos que remitan a un ulterior desenvolvemento normativo e, concretamente, os seguintes:

- a) A presentación dos contratos de servizo nas dependencias policiais correspondentes.
- b) O modelo e contido dos libros rexistro que non fosen suprimidos por este real decreto, follas de ruta e libro catálogo de medidas de seguridade.
- c) Os relativos á formación previa e permanente do persoal de seguridade.
- d) A realización de probas polo persoal que permanecera inactivo máis de dous anos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó preceptuado neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Habilitación normativa.*

Autorízase o vicepresidente primeiro do Goberno e ministro do Interior para concreta-los aspectos dos preceptos modificados do Regulamento de seguridade privada, que sexan necesarios para a súa execución.

Dado en Madrid o 19 de outubro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro do Interior,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DE ECONOMÍA

21877 *REAL DECRETO 1232/2001, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento de autorización previsto no artigo 34 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.* («BOE» 281, do 23-11-2001.)

Coa finalidade de pre-ir a coordinación de comportamentos competitivos de operadores de determinados mercados en proceso de liberalización derivada da presenza de accionistas comúns, o Real decreto lei 6/2000,

do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, establece certas limitacións á presenza simultánea no consello de administración de operadores competidores nos devanditos mercados, así como o exercicio dos dereitos de voto correspondentes ó seu capital.

Así, o artigo 34 do Real decreto lei modificado pola disposición adicional décimo terceira da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establece un procedemento de control das participacións das persoas físicas e xurídicas en sociedades que operen nos seguintes mercados: xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica; produción, transporte e distribución de hidrocarburos líquidos e de hidrocarburos gasosos; telefonía portátil e telefonía fixa.

Así mesmo, e con carácter excepcional, o número cinco do citado artigo 34 prevé que a Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderán autorizar, cada unha no ámbito das súas respectivas competencias, o exercicio dos dereitos de voto correspondentes ó exceso respecto das participacións, ou a designación de membros dos órganos de administración, sempre que iso non favoreza o intercambio de información estratéxica entre operadores, nin implique risco de coordinación dos seus comportamentos estratéxicos.

É necesario, polo tanto, establecer regulamentariamente a forma e o procedemento a través dos cales a Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións concederán as mencionadas autorizacións.

A habilitación para que o Goberno regule o procedemento de autorización que aproba este real decreto atópase no parágrafo segundo do número cinco do artigo 34 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, no que se establece que regulamentariamente se determinará a forma e o procedemento a través dos cales se concederán as autorizacións previstas no propio artigo 34.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía, trala aprobación do Ministerio de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2001,

DISPONGO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do procedemento de autorización previsto no artigo 34 do Real decreto lei 6/2000.*

Apróbase, en aplicación do disposto no artigo 34.cinco do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, o Regulamento do procedemento de outorgamento das autorizacións previstas no citado artigo 34, o texto do cal se insire a seguir.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para dic- tar circulares.*

Habílitanse a Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, segundo corresponda por razón da materia, para determinar, mediante circular, que deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado», o contido mínimo a que deberá axustarse a solicitude de autorización á que se refire o artigo 5 do regulamento que se aproba por este real decreto, así como a documentación necesaria que se deba xuntar a esta sen prexuízo de que, en cada caso, poida requirirse a documentación complementaria que se considere necesaria.